

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2005.

Alberto Núñez Feijoo

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Corrección de erros.-Orde do 1 de abril de 2005 pola que se regulan os cursos de formación en lingua galega e as validacións correspondentes.*

Advertidos erros na Orde do 1 de abril de 2005 pola que se regulan os cursos de formación en lingua galega e as validacións correspondentes (DOG nº 71, do 14 de abril de 2005), cómpre facer as seguintes correccións:

Artigo 5º.1., na 5ª liña, onde di: «...este último destinado ao persoal das administracións local e estatal...», debe dicir: «...este último destinado, ata o momento da publicación desta orde, ao persoal das administracións local e estatal».

Artigo 19º.4, onde di: «Ás licenciaturas....galega...», deberá dicir: «Ás licenciaturas de filoloxía galega e filoloxía hispánica (subsección de galego-portugués), e aos diplomas de tradutor especializado en linguaxe administrativa galega, outorgados pola EGAP e/ou pola Consellería de Xustiza daráselles a mesma validez que ao nivel superior de linguaxe administrativa galega e ao nivel superior de linguaxe xurídica galega».

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Corrección de erros.-Orde do 2 de xuño de 2005 pola que se regulan as axudas en réxime de concorrencia competitiva para a realización de programas de prevención do alcoholismo.*

Advertido erro na devandita orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 112, do luns, día 13 de xuño de 2005 cómpre facer a seguinte corrección:

-Na páxina 10.241, no artigo 7º no punto 4, onde di: «...Ponderación: 6%.»; debe dicir: «...Ponderación: 16%.».

## CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO

*Corrección de erros.-Orde do 8 de xuño de 2005 pola que se convocan prazas nas residencias xuvenís dependentes desta consellería para o curso 2005/2006.*

Advertido erro na devandita orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 117, do luns, 20 de xuño de 2005, cómpre facer a seguinte modificación:

No artigo 1º, a táboa que contén o número de prazas convocadas e a súa distribución por residencias debe substituírse pola seguinte:

Cidade	Residencia	Prazas	
Lugo	Eijo Garay	80	Home/muller
Lugo	Irmáns Pedrosa	75	Home/muller
Ourense	F.L. Cuevillas	54	Home/muller
Vigo	Altamar	94	Home/muller

## CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

*Resolución do 6 de maio de 2005, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo da empresa Ángel López Soto, S.L.*

Visto o expediente do convenio colectivo da empresa *Ángel López Soto, S.L.*, que tivo entrada nesta delegación provincial o día 7-6-2004, complementado o día 29-4-2005 e subscrito pola parte económica por *Ángel López Soto, S.L.* e pola parte social polo comité de empresa o día 24-3-2004, de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, e no Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, existente nesta delegación provincial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.